

**REUNIÓN DA COMISIÓN 1ª,
INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN
XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

Día: 28.03.2019

Hora: 10:30



A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 28 de marzo de 2019, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

- 1.1 45322 (10/CPC-000094)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Do secretario xeral de Deportes, por petición propia, para informar sobre plans e proxectos da Secretaría Xeral para o Deporte no segundo bienio da lexislatura
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 427, do 06.02.2019

Punto 2. Preguntas

- 2.1 45982 (10/POC-007338)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e Santos Queiruga, Carmen
Sobre os datos referidos á viaxe institucional do presidente da Xunta de Galicia aos Estados Unidos de América, prevista inicialmente entre o 4 e o 9 de febreiro de 2019, así como ao adianto do seu regreso e ao cumprimento dos seus obxectivos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 435, do 21.02.2019
- 2.2 43049 (10/POC-006791)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre o modelo de transferencia de competencias en materia de xustiza, o exercicio polo Goberno galego desta competencia, así como a valoración e medidas adoptadas en canto a persoal, taxa de litixiosidade, modernización tecnolóxica e novas infraestruturas xudiciais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 414, do 18.01.2019
- 2.3 46747 (10/POC-007443)
Grupo Parlamentario de En Marea
Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis
Sobre os datos da Xunta de Galicia referidos á adición ao xogo na mocidade, as medidas desenvolvidas e as actuacións que está a levar a cabo para a súa prevención



Publicación da iniciativa, BOPG n.º 442, do 07.03.2019

- 2.4 44316 (10/POC-007089)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 7 máis
Sobre o balance do Goberno galego respecto da creación de listaxes de candidatos para a provisión, con carácter interino, de postos reservados a funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional e as actuacións previstas para procurar a máxima cobertura destes postos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 422, do 30.01.2019

Punto 3. Proposicións non de lei

- 3.1 39022 (10/PNC-003127)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia das medidas reflectidas no Plan xeral de normalización da lingua galega do ano 2004 en relación coa Administración de xustiza
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2019

César Manuel Fernández Gil

Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 21/03/2019 17:22:36



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/03/2019 17:36:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 21/03/2019 17:36:50
Nº Rexistro: 14672
Data envío: 21/03/2019 17:36:50.854

CSV: L1NwJwv3w1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE
ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR
POR ORDE ALFABÉTICA**

Mesa

Presidente	
César Manuel Fernández Gil	P
Vicepresidenta	
María Julia Rodríguez Barreira	P
Secretaria	
Patricia Vilán Lorenzo	S

Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Jacobo Moreira Ferro	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Isabel Novo Fariña	P
José Alberto Pazos Couñago	P
Paula Prado del Río	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Luis Villares Naveira	EM

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 28.03.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 28.03.2019 Hora: 10:30

Orde do día


1.1 45322(10/CPC-000094)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Do secretario xeral de Deportes, por petición propia, para
informar sobre plans e proxectos da Secretaría Xeral para o
Deporte no segundo bienio da lexislatura

Publicación da iniciativa, 427, 06.02.2019

 XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



galicia



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 1ª Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior- do secretario xeral de Deportes, para informar sobre "*Plans e proxectos da Secretaría Xeral para o Deporte no segundo bienio da lexislatura*".

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Mirado por: GARCÍA SERRANOUS ALVAREZ, BLANCA
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 04/02/2019 14:58:28

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CHE: JURECIBRAN9
Verificación: http://sede.xunta.gal/ove


 Xacobeo 2021

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 28.03.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 28.03.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 45982(10/POC-007338)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e Santos Queiruga, Carmen

Sobre os datos referidos á viaxe institucional do presidente da Xunta de Galicia aos Estados Unidos de América, prevista inicialmente entre o 4 e o 9 de febreiro de 2019, así como ao adianto do seu regreso e ao cumprimento dos seus obxectivos

Publicación da iniciativa, 435, 21.02.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 17:20:46
Nº Rexistro: 45982
Data envío: 11/02/2019 17:20:46.113



Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira e Carmen Santos Queiruga, deputado e deputada do Grupo Parlamentario de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª**.

O Presidente da Xunta de Galicia realizou unha viaxe institucional, prevista inicialmente desde o día 4 ata o día 9 de febreiro, aos Estados Unidos de América. Estas datas orixinalmente son as que recolleron os medios de comunicación e tal e como se recolle, a substitución polo Vicepresidente da Xunta, no Diario Oficial de Galicia nº 25, mediante o Decreto 6/2019, do 4 de febreiro, polo que se encarga o despacho de asuntos da Presidencia, durante a ausencia do seu titular, ao vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Nela, recóllese o día de ida máis non o de volta.

Esta viaxe, inicialmente prevista entre os días 4 e 9 de febreiro, adiantouse tal e como declarou o Presidente da Xunta para a asistencia a un acto de partido na vila de Madrid o día 9 de febreiro.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

- 1.-En canto estaba orzamentada a viaxe do Presidente da Xunta de Galicia aos Estados Unidos de América?
- 2.- Que actividades estaban inicialmente previstas? A canto ascendían os gastos correspondentes a cada unha desas actividades e/ou actos?

CSM-REXISTRO-06YQ21HFH-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





- 3.- Entre que datas estaba inicialmente prevista a viaxe?
4. Canto custou o adianto da viaxe de regreso?
5. Tiveron que suprimirse actos previstos por mor do avance na viaxe? A canto ascenderon os actos suprimidos, de supor algún custo a súa cancelación?
- 6.- Quen pagou o adianto da viaxe do Presidente da Xunta de Galicia?
- 7.- Considera a Xunta axeitado adiantar actos inicialmente programados como a sinatura dun convenio sobre o Camiño de Santiago e unha inauguración dunha exposición sobre a emigración galega no Instituto Cervantes, máxime cando se trataba dunha viaxe enmarcada na promoción do Xacobeo 2021?
- 8.- Considera a Xunta que cumpriu os seus obxectivos con esta viaxe de promoción do Xacobeo 2021, e nos que estaban entre outros enlazar unha viaxe directa de avión entre Miami e Santiago, a promoción do sector “Contract” e o do sector turístico a través dos cruceiros con escala nos portos galegos?

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2019.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Carmen Santos Queiruga

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2019 17:20:46
Nº Rexistro: 45982
Data envío: 11/02/2019 17:20:46.113



Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 11/02/2019 17:17:47

Carmen Santos Queiruga na data 11/02/2019 17:17:51

CSX, REGISTRO-08YQZ1KFr-0
Validado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 28.03.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 43049(10/POC-006791)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre o modelo de transferencia de competencias en materia de xustiza, o exercicio polo Goberno galego desta competencia, así como a valoración e medidas adoptadas en canto a persoal, taxa de litixiosidade, modernización tecnolóxica e novas infraestruturas xudiciais

Publicación da iniciativa, 414, 18.01.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2019 13:51:50
Nº Rexistro: 43049
Data envío: 10/01/2019 13:51:50.071

Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Hai uns días, o presidente da Xunta de Galicia falaba nun acto público da necesidade de repensar o modelo de transferencia de competencias en materia de xustiza, o que chama poderosamente a atención cando se trata dunha competencia transferida xa dende os anos 80, cando o Goberno galego amosa a súa falla de vontade política para asumir as competencias constitucionais e estatutarias que lle corresponden a Galicia (non hai nada feito en case 10 anos no desenvolvemento do Dereito Civil Especial, na promoción do galego na xustiza ou nas medidas alternativas ao cumprimento das penas de prisión) e cando se ten aprobado a oposición a calquera proceso de recentralización e a potenciación da ampliación do autogoberno no último debate sobre o Estado da Autonomía. Os motivos que explicaba Feijóo son que as competencias da Administración de xustiza son híbridas, a carencia de persoal ou a alta taxa de litixiosidade. No mesmo acto falaba Feijóo dos avances que teñen suposto o plan de modernización tecnolóxica da Xunta de Galicia ou o de infraestruturas xudiciais.

Todas estas afirmacións reflexan un absoluto descoñecemento con relación ás competencias da Xunta de Galicia por parte do seu presidente.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É compatible para o Goberno galego o anuncio do presidente da Xunta de Galicia da necesidade de repensar o modelo de transferencia de competencias en materia de xustiza, cando se ten aprobado a oposición a calquera proceso de recentralización e a potenciación da ampliación do autogoberno no último debate sobre o Estado da Autonomía?
2. É esta a causa pola que o Goberno non exerce as competencias constitucionais e estatutarias que lle corresponden a Galicia en materia de xustiza?
3. Cando descubriu o presidente da Xunta de Galicia que as competencias da Administración de xustiza son híbridas?

CSM-REXISTRO-ZpoAupl6h-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2019 13:51:50
Nº Registro: 43049
Data envío: 10/01/2019 13:51:50.071

4. Entende o Goberno que en xustiza hai carencia de persoal? Que ten feito o Goberno para mudalo?
5. Entende o Goberno que en Galicia hai alta taxa de litixiosidade? Que ten feito o Goberno para mudalo?
6. Ten coñecemento o Goberno dos problemas que xera a diario a modernización tecnolóxica en xustiza?
7. Cantas infraestruturas xudiciais novas ten feito o Goberno dende que Alberto Núñez Feijóo é o seu presidente?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/01/2019 13:30:10

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 10/01/2019 13:30:16

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/01/2019 13:30:22



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 28.03.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 46747(10/POC-007443)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis

Sobre os datos da Xunta de Galicia referidos á adicción ao xogo na mocidade, as medidas desenvolvidas e as actuacións que está a levar a cabo para a súa prevención

Publicación da iniciativa, 442, 07.03.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/02/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 46747
Data envío: 22/02/2019 14:27:33.579



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araujo, Eva Solla Fernández e Carmen Santos Queiruga, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1.ª**.

Na introdución do documento da *Estratexia Nacional sobre Adiccións 2017-2024* (ENA) afirmase que dito informe “configurase como un documento participativo e de consenso, acordado entre tódalas Administracións Públicas, as organizacións non gobernamentais do sector, as sociedades científicas, os centros de investigación, e todas aquelas instancias públicas e privadas que forma parte do Plan Nacional sobre Drogas”. “O resultado é un documento de consenso entre numerosas partes interesadas que se ofrece como o marco de actuación para o desenvolvemento das políticas sobre adiccións que se levan a cabo nos ámbitos do conxunto do Estado español, das Administracións Autonómicas e das entidades locais, e que serve de referencia, así mesmo, para as actividades desenvolvidas polas entidades sociais”. Desta maneira, faise explícito que a ENA non atinxe unicamente ao Goberno central, senón que os gobernos autonómicos – e, entre eles, a Xunta de Galicia– teñen a obriga de asumila, executala e avaliala coa finalidade de alcanzar os seus obxectivos.

Porén, é patente que nin o Goberno do Estado nin a Xunta de Galicia se están tomando en serio os riscos que supón o xogo e non están adoptando as medidas oportunas para atallalos. Isto non está sucedendo, en gran medida, porque se confía no propio auto-control dos operadores de xogo. Non fai falla subliñar que, tendo en conta o lucrativa que é a industria do azar para as empresas do sector, a





confianza na súa medida é, no mellor dos casos, inxenua. No peor, é cómplice dunha mala praxe que condena á miseria a miles de familias.

O volume do negocio das apostas é de auténtica vertixe. Segundo un informe elaborado pola Universidade Carlos III de Madrid e Codere –unha empresa multinacional española do sector do xogo privado–, os españois xogaron 9.408 millóns de euros de xogo real (cantidade xogada menos os premios) en 2017, encadeando tres anos consecutivos de crecemento e medrando un 8% respecto ao 2015. En particular, o negocio das apostas deportivas –un dos que máis creceu dentro do sector nos últimos anos–, leva medrando a un ritmo regular do 20% anual dende o 2012, aínda que no ano 2016-2017 creceu “tan so” o 17,4%. As apostas deportivas pasaron, deste xeito, de mover 304,3 millóns de euros de xogo real en 2012 a 742 millóns de euros en 2017. A cifra multiplicouse por case 2,5 en seis anos. 305 millóns foron xogados en apostas online, 330 millóns en apostas presenciais, 100 millóns na Quiniela e o Quinigol de SELAE, e 7 millóns nas apostas dos hipódromos.

Ninguén pode pensar que unha industria en constante crecemento que move semellante cantidade de cartos vai auto-controlarse pola mera razón de que os gobernos apelen a súa boa vontade. Son precisas medidas concretas e contundentes que permitan prever e tratar a adicción ao xogo.

As políticas reguladoras do xogo terían que ter moi en conta á mocidade. Nun artigo sobre a frecuencia de xogo en menores de idade, Mariano Chóliz e Juan Lamas advirten de que o “feito de que os menores de idade poidan xogar sen dificultade a este tipo de xogos é especialmente preocupante no que atinxe á adicción, por varios motivos. En primeiro lugar porque máquinas tragaperras e xogo online son xogos potencialmente máis adictivos. (...). Por outro lado, a adolescencia é un período de especial vulnerabilidade para calquera tipo de






adicción, debido a que aínda non se completou o desenvolvemento neurolóxico dos centros cerebrais que rexen as funcións executivas (planificación, valoración de consecuencias dos actos, etc.), que son as que protexen de eventuais problemas adictivos. (...). En terceiro lugar, as novas modalidades de xogo presentan un especial atractivo para os adolescentes, xa que poden demostrar a súa pericia en acertar apostas sobre temas, como o deporte, sobre os que se creen entendidos, inducendo sesgos de pericia (“sesgo do experto”), que son singularmente perigosos para o fomento e o mantemento da adicción. (...). Finalmente, tanto a publicidade como as estratexias de marketing das empresas do sector puxeron o seu foco de atención nos mozos como un interesante nicho de mercado, feito que se pode constatar coa análise dos anuncios publicitarios e promocións de xogo, que están especialmente dirixidas a poboación xuvenil”.

Da mesma cuestión advírtese tamén na *Estratexia Nacional sobre Adiccións 2017-2024*: “A ampla oferta de (vídeo) xogos e a publicidade intensa nos medios e espazos deportivos e estratexias de marketing agresivas, principalmente dedicada aos máis mozos, das apostas deportivas e xogos online e de aposta, contribuíron a un aumento no número de persoas con problemas de adición ao xogo e a un cambio dos perfís dos xogadores, especialmente online (máis mozos, maior nivel de estudos e, sorprendentemente, maior número de mulleres mozas con problemas de xogo de aposta a través de internet)”.

Así, cómpre artellar unha estratexia política concreta para prever e tratar a adicción ao xogo na mocidade, algo que a Xunta de Galicia non está a facer, como demostra a actual dispoñibilidade e a accesibilidade dos xogos de azar.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:





- Que datos manexa a Xunta de Galicia acerca da adicción ao xogo na mocidade? Dispón de cifras concretas?
- Que está a facer o Goberno para prever e tratar a adicción a o xogo na mocidade? Que medidas levou a cabo? Cal é a xustificación técnica das mesmas?
- Pensa a Xunta de Galicia que a dispoñibilidade e accesibilidade dos xogos de azar supoñen un risco para a mocidade? Se é así, por que non fai nada ao respecto?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Eva Solla Fernández

Carmen Santos Queiruga


Deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 22/02/2019 14:18:00

Eva Solla Fernández na data 22/02/2019 14:18:17

Carmen Santos Queiruga na data 22/02/2019 14:18:23



Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 28.03.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 44316(10/POC-007089)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre o balance do Goberno galego respecto da creación de listaxes de candidatos para a provisión, con carácter interino, de postos reservados a funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional e as actuacións previstas para procurar a máxima cobertura destes postos

Publicación da iniciativa, 422, 30.01.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 13:26:36
Nº Rexistro: 44316
Data envío: 22/01/2019 13:26:36.197

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, María Julia Rodríguez Barreira, César Fernández Gil, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Antonio Mouriño Villar, Alberto Pazos Couñago e Diego Calvo Pouso ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

O Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, incluíu como novidade a posibilidade de que as Comunidades Autónomas podan constituír unha relación de candidatos no seu ámbito territorial para a provisión, con carácter interino, de postos reservados a funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza fai xa máis dun ano adoptou esta medida, de forma que as listas de interinos para a cobertura de postos vacantes de secretaría- intervención, secretarías e intervención-tesourería na comunidade autónoma de Galicia levan funcionando desde o mes de maio de 2018.

Á vista do anterior, solicítase unha análise da eficacia da medida adoptada e da aceptación por parte dos concellos da mesma, en concreto:

-Cal é o balanço do Goberno galego desta actuación?

-Ten previsto o Goberno galego realizar algunha actuación máis para procurar a máxima cobertura destes postos?

Santiago de Compostela, 22 xaneiro de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado Del Río na data 22/01/2019 13:23:31

María Julia Rodríguez Barreira na data 22/01/2019 13:23:51

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSM-REXISTRO-991XIBaW-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 13:26:36
Nº Rexistro: 44316
Data envío: 22/01/2019 13:26:36.197**

César Manuel Fernández Gil na data 22/01/2019 13:24:04

Jacobo Moreira Ferro na data 22/01/2019 13:24:08

María Isabel Novo Fariña na data 22/01/2019 13:24:23

Antonio Mouriño Villar na data 22/01/2019 13:24:39

Alberto Pazos Couñago na data 22/01/2019 13:24:54

Diego Calvo Pouso na data 22/01/2019 13:25:06

CSV, REXISTRO-99HXIBAW-5
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 28.03.2019 Hora: 10:30

Orde do día

3. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 28.03.2019 Hora: 10:30

Orde do día

3.1 39022(10/PNC-003127)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia das medidas
reflectidas no Plan xeral de normalización da lingua galega
do ano 2004 en relación coa Administración de xustiza

Publicación da iniciativa, 375, 24.10.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 11:33
Nº Rexistro: 39022
Data envío: 18/10/2018 11:33:49.964

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ao galego na Xustiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 3/1983 de normalización lingüística establece no seu artigo 7 o dereito de uso do galego na administración de xustiza, a validez das actuacións xudiciais e o dereito de notificación na lingua oficial que se elixa. Asemade, determina que a Xunta de Galiza debe promover a progresiva normalización da lingua galega na administración de xustiza.

Xa pasaron 35 anos desde a aprobación da Lei de normalización lingüística e o galego segue a ter unha presenza marxinal e absolutamente minoritaria na administración de xustiza. Os factores que explican esta situación son diversos, mais hai que ter en conta que no estado español segue vixente un marco legal discriminatorio para o galego, derivado da Constitución, da Lei Orgánica do Poder Xudicial e da propia Lei de Normalización Lingüística.

Malia a existencia dun marco legal discriminatorio, é posíbel establecer plans e medidas que permitan avances na presenza da lingua propia no ámbito da xustiza. No caso de Galiza, no ano 2004 aprobouse o Plan Xeral de Normalización do uso do

galego, mais os seus resultados foron cativos e os incumprimentos notorios. A realidade é que a maior parte das medidas contempladas neste Plan non se cumpriron.

Entre outros aspectos a ter en conta cabe sinalar a baixa porcentaxe de resolución xudiciais en galego (por debaixo do 5%), a insuficiente capacitación do persoal en canto ao coñecemento do noso idioma ou a inexistencia de programas informáticos que favorezan o uso da lingua galega. Así, os programas de xestión interna do sistema xurídico impiden na práctica que os soportes documentais dos procedementos xudiciais se leven a termo en galego, de forma que quen opte por empregar o idioma propio ve multiplicada a súa carga de traballo.

A maiores, constátanse ineficiencias no funcionamento dos equipos lingüísticos da administración de xustiza, que centran o seu traballo en tarefas de corrección e tradución de textos deixando de lado as función de dinamización e normalización.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en comisión:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a desenvolver no prazo máximo de 1 ano as seguintes medidas contempladas no Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega do ano 2004:

1. Elaborar un programa de normalización específico, en colaboración co Ministerio de Xustiza, e establecer un órgano de referencia.

2. Fomentar o uso do galego por medio de medidas de promoción profesional e prestixio dos funcionarios que a vaian usando.



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 11:33
Nº Rexistro: 39022

Data envío: 18/10/2018 11:33:49.964

3. Verter ao galego os programas informáticos de xestión e os formularios de uso cotián e garantir a súa presenza en todos os órganos xudiciais de Galicia.

4. Deseñar campañas de información sobre os dereitos lingüísticos dos cidadás nas súas relacións coa Administración de xustiza.

5. Establecer que nos tribunais de xustiza, antes do inicio de calquera procedemento, se pregunte de oficio cal é a lingua habitual do cidadán e que esa sexa a lingua de toda a actuación, tanto oral coma documental.”

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 11:33
Nº Rexistro: 39022

Data envío: 18/10/2018 11:33:49.964

Xosé Luis Bará Torres na data 18/10/2018 11:33:18

María Montserrat Prado Cores na data 18/10/2018 11:33:22

Ana Pontón Mondelo na data 18/10/2018 11:33:24

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/10/2018 11:33:25

Olalla Rodil Fernández na data 18/10/2018 11:33:27

Noa Presas Bergantiños na data 18/10/2018 11:33:29